



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE
24 DE SETEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior**
- 2.- Orzamentos participativos 2014**
- 3.- Realización proxecto Souto (iluminación e sumidoiro)**
- 4.- Rogos e preguntas**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de xullo de dous mil catorce, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Olga Rodríguez Puga

AER .- Luísa Cayetano Rodríguez

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

Ana Belén Mariño Alfonso

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel José Moldes Senra

Félix Vila Alonso

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

Rosa Freaza Lago

María Luz Viñas Otero

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Ricardo Martínez Fernández

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOIA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

Incidencias: Acéptase escrito da Comunidade de Augas de Montecelo no que comunican a designación do novo membro do Consello Parroquial, Ricardo Martínez Fernández.

- 1.- Aprobación da acta anterior**



CONCELLO DE REDONDELA

A acta da xuntanza do 9 de xullo de 2014 resulta aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Manuel José Moldes Senra e Ricardo Martínez Fernández por non teren asistido á devandita xuntanza.

2.- Orzamentos participativos 2014

O Presidente informa que o alumeado no Camiño de Padrón según a valoración do arquitecto técnico municipal ascende a 39.616,61 euros. Asemade conta co orzamento dunha empresa polo importe de 23.726 euros. Ámbolos dous orzamentos superan o importe destinado aos orzamentos participativos, polo que a única posibilidade sería facer algún dos tramos. Un tramo para facer podería ser a V na zona da estrada de Padrón despois do camiño do Corisco.

Félix Vila Alonso pregunta polo importe dese tramo. O Presidente di que vai pedir o desglose do importe dese tramo e en canto o teña trae o orzamento ao Consello para que se decida se se fai ou non.

María Luz Viñas Otero pregunta sobre o custe do xabre que se boutou na Senda da Auga porque xa está na estrada e xa se sabía que eran uns cartos tirados.

Manuel José Moldes Senra di que se necesitaban facer uns regos.

O Presidente informa que só se pode botar xabre, xa que ao ser senda non se pode botar asfalto. En canto aos participativos di que o custe da marquesiña para o Camiño dos Frades ascende a 1.694,00 euros. Da obra de tuberías aínda non ten o proxecto do arquitecto técnico, pero conta con orzamentos de empresas do material que serían máis de 3.000 euros, xa que son 102 metros de tubo e unha reixa.

Félix Vila Alonso di que hai que ter coidado nesa obra para non anegar aos veciños da parte de abaixo. O Presidente di que por iso se instala a reixa.

3.- Realización proxecto Souto (iluminación e sumidoiro)

O Presidente informa que o proxecto xa está comezado.

4.- Rogos e preguntas

María Luz Viñas Otero pregunta polo estado do saneamento dos Valos.

Manuel José Moldes Senra di que é unha obra prioritaria.

O Presidente informa que se trata dunha obra complicada porque ten pendentos e afecta terreos de RENFE, da estrada xeral e á tubería xeral da



CONCELLO DE REDONDELA

auga, polo que obriga a solicitar permisos a todas as administracións implicadas e realizar un proxecto moi minucioso.

Félix Vila Alonso pregunta polo espello do Camiño Romano. O Presidente informa que xa está pedido e se vai colocar, pero estase estudando a localización porque a Policía Local foi a ver o lugar e non hai moita visibilidade, tamén verase a posibilidade de colocar un tramo de varanda.

Rosa Freaza Lago manifesta o seu malestar por que non se fixo ningunha actuación na parroquia de Saxamonde. O Presidente informa que se fixeron 48 actuacións na parroquia e quedaron pendentes dúas, unha delas é a instalación dun punto de luz no antigo preescolar, pero que está prevista a súa instalación.

Luisa Cayetano Rodríguez manifesta a súa preocupación pola situación da estrada nacional á altura da *casa de Modesto*, xa que é o lugar onde cruzan moitas/os mozas/os que veñen dos institutos, polo que habería que estudar unha solución que resolva o problema de seguridade das persoas que cruzan a estrada, ben cun paso de peóns ou outra solución que faciliten as/os técnicas/os competentes.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez e Rosa Freaza Lago propoñen que se instale un paso elevado.

O Presidente informa que non se pode instalar un paso de peóns pola proximidade á curva, asemade hai que ter en consideración que a demanda principal nesa zona é a rotonda.

Luisa Cayetano Rodríguez propón instar ao Concello de Redondela para que solicite, dentro do proxecto da construción da rotonda no Alto dos Valos, a instalación dalgún sistema que permita o cruzamento seguro para os peóns nesa zona.

A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Luisa Cayetano Rodríguez pregunta pola demanda que fixeron as representantes de Arela sobre a supresión de barreiras arquitectónicas no antigo preescolar.

O Presidente informa que o arquitecto técnico xa foi a ver o lugar, pero se trata dunha obra difícil de realizar pola curva tan pronunciada. O Concello conta cunha partida para supresión de barreiras arquitectónicas, polo que a obra se vai a realizar.

Luisa Cayetano Rodríguez le o seguinte comunicado:



CONCELLO DE REDONDELA

A semana pasada tivo lugar o consello parroquial de Quintela onde se plantexou que a ANPA ía presentar un rexistro no Concello e na Xunta.

Aínda que estamos en Saxamonde, dende a ANPA consideraron que tamén inflúe aos habitantes de Saxamonde, xa que é o colexio público que lles corresponde.

Nos devanditos rexistros solicitarase que os técnicos municipais evalúen a perigosidade ou non perigosidade das escaleiras da entrada do colexio, tendo en conta que conflúen varios factores de risco:

- 160 metros sobre o nivel do mar, alto dunha colina
- vento
- choiva
- as/os rapazas/ces levan unha man ocupada cos paraugas e a outra coas mochilas
- máis de 35 chanzos, que o alumnado de infantil baixa e sube á velocidade que pode baixo a auga soportando o vento ao longo do inverno

Unha vez que os técnicos municipais evalúen, o risco ou o non risco, a ANPA procederá en consecuencia.

Ademais informan que o colexio de Quintela incumpre a lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas 8/1997, publicada no DOGA do 20 de agosto, de acceso a persoas de mobilidade reducida, polo que solicita do Concello que subsane a situación e elabore un plan con cargo aos fondos que anualmente destina a Xunta de Galicia a esta finalidade.

A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

O Presidente informa que tamén se tratou este tema cos técnicos municipais e se podería levar os autobuses pola parte de arriba do colexio, xa que o terreo é de monte comunal, evitando así a utilización das escaleiras.

Manuel José Moldes Senra pregunta polo estado das fontes, xa que algunhas secaron. O Presidente informa que se están a limpar.

Olga Rodríguez Puga manifesta a súa preocupación porque nunha zona da estrada xeral na baixada onde está un muro de contención antes da curva sempre hai fugas de auga que atravesan en diagonal a estrada. Esta situación no inverno é moi perigosa, xa que esta auga convértese en xeo.

O Presidente informa que xa está solicitado a FOMENTO.



CONCELLO DE REDONDELA

Olga propón instar ao Concello de Redondela para que solicite novamente a FOMENTO a solución urxente do problema.

A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Ana Belén Mariño Alfonso solicita papeleiras para o parque infantil e para o biosaudable e contedores para a zona do Centro Cultural: un amarelo, un verde e outro azul. Fixeron unha campaña de reciclaxe con nenas/os e ao final tiveron que depositar todo no contedor verde. Asemade cando valeiran o contedor de vidro deixan moitos anacos que teñen que recoller con pas, pregunta se se pode instalar unha base para os contedores.

O Presidente di que si e que habería que retiralos un pouco. A instalación das papeleiras supón un mantemento que o Concello non pode asumir.

Ana Belén Mariño Alfonso di que o Centro Cultural comprometeríase ao mantemento das papeleiras. Tamén quere transmitir unha petición dunha veciña que solicita un sinal de camiño cortado onde está a nave do Casas no Camiño da Serrería, porque os vehículos confúndense e van dar a volta a altas horas da noite impedindo o descanso.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez pregunta se o Concello non ten material sobrante.

O Presidente informa que todo o material se repara e se volve a utilizar.

Ana Belén Mariño Alfonso pregunta onde están as bicicletas de préstamo do Concello e pregunta se se poderían ceder ao Centro Cultural para que a veciñanza as poida utilizar na Senda da Auga. O Presidente informa que na nave do Concello e o problema que atopa é o seu mantemento.

Félix Vila Alonso pregunta se o Concello pode ceder farolas para instalalar na zona do parque infantil e pregunta se tamén pode mediar para que a Deputación ceda material para facer unhas elevacións que frenen a velocidade dos vehículos.

O Presidente informa que para facer esas elevacións necesítase material en quente e a Deputación non traballa con ese tipo de material o único sería facer as elevacións pequenas e con material en frío.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.